

A REVISTA *ARRAIANOS* PRINCIPIA NOVA ETAPA COA PUBLICACIÓN DUN MONOGRÁFICO SOBRE “A VIDA NAS ALDEAS”



Pedro de Llano, Aser Álvarez, Henrique Alvarellos e Augusto Pérez Alberti

- Presentouse hoxe aos medios en Santiago, nun acto no que participaron o arquitecto Pedro de Llano, o xeógrafo Augusto Pérez Alberti, o director da publicación Aser Álvarez e o editor Henrique Alvarellos.
- O número VII, editado e comercializado por Alvarellos Editora, está xa á venda en librarías, quioscos especializados e a tenda *on line* da editorial.
- Trátase dun especial de 158 páxinas, maquetado a toda cor e con amplo despregue gráfico.
- Medio cento de colaboradores (antropoloxos, xeógrafos, arquitectos, xornalistas, escritores, politólogos, críticos literarios, fotógrafos, etc.) participan neste monográfico onde se abre unha fonda reflexión sobre o presente e o futuro do país.

A incorporación de destacados colaboradores, un novo deseño a toda cor e novas e máis amplas seccións, marcan a nova xeira da revista *Arraianos*, unha publicación de referencia promovida pola Asociación Arraianos e dirixida polo xornalista Aser Álvarez. Dende o número VII, correspondente a este mes



xaneiro de 2008, pasa a ser publicada e comercializada por Alvarellos Editora. Desde esta semana xa está á venda en librarías, quioscos especializados e tamén a través da tenda *on line* da editorial (www.alvarellos.info).

Medio cento de colaboradores participan neste novo número, entre antropólogos, xeógrafos, xornalistas, arquitectos, politólogos, escritores, críticos literarios, fotógrafos, biólogos, etc. Atópanse firmas tan destacadas como Pedro de Llano, Augusto Pérez Alberti, Marcial Gondar, Francisco Sineiro, Plácido Lizancos, Xosé Manuel Pereiro, Anxo Angueira ou J.J. Moralejo, entre outros.

Trátase dun monográfico sobre “A vida nas aldeas” e as fondas transformacións –o abandono do rural– que presidiron o último cuarto de século. Extractamos un párrafo do editorial, titulado “Quen anda aí?”:

No tocante ao rural, seguimos entre a ideoloxía da maquinaria pesada e o quilovatio, a barbarie progresista, e a procura romántica do ser nacional embaixo da boina dos paisanos, do Santo Grial no rabo dunha vaca. Miseira mental e política (ou prepolítica). Populismo, clientelismo, anarco-capitalismo, simple desleixo, delincuencia pura e dura... Non hai trapallada que non atope aquí a súa patria. (Páx. 5).

Malia ter só dous anos de vida, e seis números publicados, a revista *Arraianos* converteuse xa neste tempo en todo un referente no eido do pensamento e da reflexión colectiva do país. A publicación abandeira o “espírito do movemento arraiano”, que ten o seu cerne nas terras do Val do Limia, e dende esta patria intenta entender o universo todo. O seu director, Aser Álvarez, afirma que con este monográfico “o que quixemos facer é comezar a pensar na vida nas aldeas. Tras a brutal despoboación e deterioro do medio rural experimentados nos últimos anos preguntámonos agora “Quén anda aí?””.

O número VII de *Arraianos* fala dos caciques, das aldeas abandonadas, da Raia Seca, das perspectivas da economía rural, e mesmo dos escornabois ou dos lobos. Conta ademais con seccións fixas de crítica literaria (Andel de libros), fotografía (Manuel Sendón, Ramón Godás) e creación (Fernández Naval, Niebro, Olga Novo, Chus Pato, Rábade Paredes, Daniel Salgado, Elvira Riveiro...).

PRESENTACIÓN EN SANTIAGO

Hoxe foi presentada no Club Internacional de Prensa de Galicia, nun acto que contou coa participación do director da publicación, Aser Álvarez, o xeógrafo Augusto Pérez Alberti, o arquitecto Pedro de Llano e do editor, Henrique Alvarellos.



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52

En relación ao despoboamento e á desfeita no rural galego, De Llano manifestou que “o trágico é que o que nós coñecemos hai un cuarto de século hoxe xa non existe. A Galicia rural está destruída. E todo porque dende o poder político non se aborda a execución dun planeamento que abranga a todo o país”. Pérez Alberti, pola súa banda, reclamou tamén “un plan director territorial” e manifestou dúas preocupacións: “A primeira, como se foi destruindo a aldea esteticamente, mais tamén me preocupa como se foi desartellando o territorio. Como se foi contruíndo do xeito en que se fai, pé dos ríos e do litoral”.

O director da publicación, Aser Álvarez, identificou o problema do rural galego: “Non é unha consecuencia –dixo– de falta de recursos, senón de vontade política, de definir un modelo de desenvolvemento e levalo á práctica”, ao tempo que definiu os contidos deste número VII de *Arraianos* como “plurais, de xentes de todas as sensibilidades, lonxe de sectarismos e partidismos”.

Finalmente, para o editor, Henrique Alvarellos, “incluír no noso catálogo unha revista co peso, fondura e intensidade de *Arraianos* é sen dúbida un motivo de satisfacción e mesmo un orgullo para Alvarellos Editora. Dende o punto de vista da edición, e tamén na propia comercialización ou distribución, quixemos estar á altura deses contidos e facer e difundir unha publicación cultural que sexa todo un referente para o país”.

[Máis información en: www.alvarellos.info e www.arraianos.com]

FICHA TÉCNICA

Revista: *Arraianos*
Número: VII.
Contido: Monográfico sobre “A vida nas aldeas”
Data: Xaneiro 2008
Páxinas: 156
PVP: 9 €
Medidas: 17 x 24 cms
Idioma: galego (e portugués)
ISSN: 1698-9953



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52